



Se TI es un FUTUR@ ALUMN@ DE BACHARELATO ou pai/nai dun futur@ alumn@ de bacharelato e necesitas **información** sobre o interese ou utilidade de cursar un Bacharelato de Humanidades, estás no lugar indicado.

Verás! o **GREGO** e máis o **LATÍN** son **materias de modalidade** dentro do **Bacharelato de Humanidades**, é dicir, que, se optas por este bacharelato, poderás cursar Grego e Latín no primeiro curso. Esta opción de Bacharelato é apropiada para aqueles alumnos que pretendan cursar os seguintes **estudios universitarios**:

Maxisterio, Historia, Humanidades, Filoloxía (incluídas **Linguas estranxeiras e Modernas**), **Filosofía, Tradución e Interpretación, Xornalismo, Dereito, Políticas, Publicidade, Socioloxía** ou **Pedagoxía**, entre outras especialidades.

Tamén é adecuado que curses este Bacharelato se pretendes acceder despois a un **ciclo formativo de grao superior** que requira esta titulación, por exemplo en especialidades relacionadas co **turismo, sanitaria, farmacia, educación infantil e outras**. Se cres que este Bacharelato te limita para cursar outras especialidades non é certo: infórmate nos centros onde se curse o ciclo formativo que quixeses estudar para saber se na opción que che interesa admiten calquera tipo de Bacharelato.

Se o que buscas é ter un título de Bacharelato para **opositar a profesións como Policía, Bombeir@ ou outras funcións da administración**, este Bacharelato é **tan válido como calquera outro**.



Ninguén dubida na actualidade da **UTILIDADE do LATÍN**. Pero, que hai do **GREGO**? Supoño que o primeiro que queres saber é se **resulta fácil aprobar esta materia**. “Por suposto que si! Palabra de Homer!” E ademais **pártese de cero**, non se requiren coñecementos previos de Cultura Clásica se non a cursaches na ESO. **O que importa é a participación e o traballo constante**, é dicir, que non caias no abandono.

Hai moitos condicionantes para considerar esta materia moi levadeira: os **grupos** adoitan ser **reducidos** co que a **atención personalizada** é **maior, participarás e integraraste de forma natural** no desenvolvemento da clase, nun **ambiente cálido, acoledor e totalmente distendido**. Para iso o profesor transformará a materia **radicalmente** para adecuala aos **novos tempos**: poderás **utilizar móbil** nas clases, participaremos en concursos contra outros institutos, faremos **teatro**, crearemos un pequeno **estudo de cine e TV**, e produciremos **minipelículas**, e mesmo, se estás dispost@, realizaremos unha **viaxe real a Grecia**, entre outras actividades.

E imaxinando que esta materia se che atragantara un pouco e os exames non che saísen moi ben, tes posibilidades de aprobar a través de **traballos individuais** ou co **traballo diario**, que tamén conta. A **porcentaxe de aprobados** nos últimos cursos non deixa lugar a dúbidas sobre o asequible que é a materia: o **100% d@s alumn@s** superárona sen problemas...e con excelentes **notas**.

E por último, **para que serve estudar Grego?** Porque, **non te me raies!**, **vaste enriquecer e moito, e en moitos aspectos da vida, por raro que che pareza!** Vas comprobar que cantidade de **termos procedentes do grego** existen na nosa lingua e noutras que estás a estudar como o inglés ou o francés. Esta estensa terminoloxía permite que teñas máis facilidade para estudar esas **linguas modernas** e entender moitos significados da nosa lingua. Aprenderás tamén que a **cultura grega** é o **alicerce da nosa cultura occidental**. Aos gregos débémolles a **filosofía**, a **literatura** e as **artes** en xeral. E, que dicir do fantástico mundo da **mitoloxía**, fonte de inspiración para grandes creadores ao longo da historia, os seus deuses, heroes, monstros e relatos fabulosos? Eles, os antigos gregos, coa súa **lingua**, a súa **cultura**, a súa **historia**, a súa **ciencia e saber**, a súa **MAXIA** servirannos para **entender moito mellor a nosa actual contorna e o noso mundo contemporáneo**. Son o **nosro patrimonio** e como tal, temos que respectalo, aprezoalo e protexelo.



O **Departamento de Latín e Grego** espera terche transmitido a información que desexabas. Se tes algunha dúbida estamos á túa disposición na dirección de correo-e gretamxxi@gmail.com. Podes, se o desexas, concertar unha cita telemática. Encantados estaremos de atenderte. Graciñas e un saúdo.



NON te RAIES!
GREGO, SI!
POR QUE NON?